

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2023.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día quince de febreiro de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase denegar a licenza urbanística para legalización de ampliación de nave para comercio polo xunto de accesorios de vehículos, lubricantes e pinturas, en Santiago de Castelo número 28 (expte: 356/16).

Acórdase conceder as seguintes licenzas urbanísticas: para rehabilitación de vivenda unifamiliar, na Estrada Vella de Santiago número 43. (2021/Y001/000258); para construción de nave para taller de automoción, exposición e venda de autocaravanas, na Estrada Nacional VI-P.K 507,06 (2022/Y001/000155); para ampliación de almacén de aperos en Silva, San Xoaá do Campo (2021/Y001/000298); para edificio para dous garaxes/aparcadoiros, base de urxencias sanitarias 061 e centro de formación, na rúa Domingo Fontán Rodríguez, parcela K.1.2-1. Parque Empresarial as Gándaras. (2022/Y001/000275) e para baixada a cota cero de ascensor en edificio de vivendas illado de planta semisótano, baixa, entreplanta, cinco plantas altas e baixocuberta, na Praza do Rei, número 3. (2022/Y001/000256).

Acórdase a rectificación do acordo número 10/501, adoptado pola xunta de goberno local en sesión celebrada o 4 de agosto de 2021, que outorgaba licenza para realizar traballos de mantemento da Muralla Romana de Lugo, campaña 2021-2022 (expte:2021/Y001/000110).

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4434605191553586603.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-2-2023

**2. PLANEAMENTO.-** Acórdase a aprobación da conta de liquidación definitiva da xunta de compensación do Polígono reparcelable nº 1 da Unidade Urbana 12 de Augas Férreas do PXOU de 1990 (URPI-2.R do PXOM vixente).

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto na contratación mediante lotes da subministración de alimentos e outros produtos no Fogar do Transeunte e a apertura do procedemento de contratación. (Exp. ref. 2023/ C004/000005).

Acórdase a modificación prevista do contrato por aplicacion de novo convenio colectivo na contratación do servizo de vixilancia no fogar do transeúnte (lote 1) e servizo de vixilancia no CEI-NODUS-Espazo>Lab (lote 2). (Expte. ref. 7-2018) (TecoI 2020/C003/000050).

Tamén se acorda a adxudicación da contratación dun servizo de mantemento integral (preventivo e correctivo) dos equipos e componentes que forman parte dos equipos de protección respiratoria (era), así como os seus equipos auxiliares, botellas de aire comprimido, compresores de carga, rampa de carga, equipos de escape, traxes de protección química e detectores de gases, do servizo de prevención, extinción de incendios y salvamento (SPEIS) do Concello de Lugo. Exp. 2022/C003/000029.

Acórdase a prórroga do contrato dende o 14-1-23 ata 13-1-2024 na contratación do servizo de vixilancia e control de accesos aos edificios públicos: Casa Consistorial en Praza Maior e Centro de Servizos Municipais en Rolda Muralla 197. Exp. ref. 2021/C003/000009.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación do patrocinio publicitario entre Racing Wolf Sport S.L. e o Concello de Lugo pola participación na proba automobilística "Dakar 2023". Expte ref. 2022-C005-000027.

**4. PERSOAL.-** Acórdase o nomeamento de unha funcionaria de carreira do Excmo. Concello de Lugo, para desempeñar a praza de director/a gardería municipal (grupo de titulación: grupo a (subgrupo A2); escala: administración especial; subescala: técnica.

Acórdase a resolución concurso postos: xefes de negociado e xefes de grupo.

Tamén se corda aprobar a adscripción provisional ao posto de auxiliar administrativo no servizo de Facenda Local cod 65/32/1, ao posto de auxiliar administrativa admon municipal na secretaría xeral cod 02/32 e ao posto de auxiliar administrativo no servizo de arquitectura cod 23/32/2.

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**